EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2015

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para parcelamento de parcela sita en Piñeiro, parroquia de Santa María de Muxa; para parcelamento doutra parcela sita, así mesmo, en Piñeiro, parroquia de Santa María de Muxa; para instalación de plataforma elevadora con cambios na distribución interior e modificación de fachada, como reforma de vivenda unifamiliar apegada con licenza de obra número 200/2008, sita na rúa Sargadelos, número 15, parcela 4.B.1.08, do polígono de Acea de Olga; e para legalización de edificacións auxiliares anexas a vivenda aprobada na Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2014, na área de expansión con ordenación predeterminada do núcleo rural 52.6 Vilar, número 10, parroquia de Santa Comba.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase subsanar o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno Local número 20/921, adoptado na súa sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2014.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:hGfJP9Jf5vx7VDOYUENVvg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	12/01/2015
ID. FIRMA	afirma.pro	hGfJP9Jf5vx7VDOYUENVvg==	PÁGINA	1/1

hGfJP9Jf5vx7VDOYUENVvg==